

Esquerda Unida-IU de Santiago presenta unha moción no Concello de Santiago para que procure a aprobación dunha lei galega de recoñecemento e indemnización aos pres@s galeg@s nas cadeas do franquismo

AO EXCMO. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D. Ramiro Marier Santalices Martínez con d.n.i. nº 36106226-K , e con enderezo a efectos de notificación na rúa Dublín 8, baixo-dta, en representación do consello comarcal de EU-IU vén de presentar a seguinte moción ao pleno do Concello de Santiago ao abeiro do artigo 44 do regulamento orgánico de funcionamento do Concello de Santiago de Compostela.

Exposición de motivos

O proxecto de Lei de Memoria Histórica que vén de presentar o goberno do Estado adolece de graves deficiencias. Ten recibido críticas de todas as asociacións e colectivos que traballan no eido da memoria histórica.

Necesitamos unha lei que permita pechar as feridas abertas hai 70 anos, cando as poutas do fascismo negaron a semente de progreso social e liberdades democráticas contidas na II República. Xustiza social, laicismo, dereitos da muller, ensino, renuncia á guerra, autogoberno; a recuperación da memoria supón recoñecer e dignificar o feito naqueles anos de esperanza: son chegados os tempos.

No noso país urxe tamén colmar a lagoa de sermos a única comunidade que aínda non aprobou unha lei propia para recoñecer e indemnizar aos presos nas cadeas da ditadura, cando hai xa un ano que EU-IU presentou no rexistro do Parlamento de Galicia unha proposición nese sentido.

Urxe por hixiene democrática e débeda cos loitadores de entón unha lei estatal de memoria histórica e unha lei autonómica no que atinxe aos pres@s. Por elo o Concello de Santiago diríxese aos gobernos central e de Galicia para que acorden o seguinte:

1.-Aprobación dunha lei galega de recoñecemento e indemnización aos pres@s galeg@s nas cadeas do franquismo, que supere a norma estatal, redactada con criterios cicateiros hai xa anos.

2.-No ámbito estatal que no trámite parlamentar se recollan os seguinte contidos: establecemento da nulidade radical de todos os procesos por motivos políticos desenvolvidos durante o franquismo. Compromiso de intervención pública e institucional nas labours de localización, exhumación, identificación e divulgación das fosas ou enterramentos de vítimas da ditadura. Creación dun catálogo de monumentos franquistas e establecemento dun plan para a súa eliminación. Elaboración dunha relación de rúas con denominacións franquistas para que de xeito obrigatorio sexan cambiadas por outras. Fomento e dotación orzamentaria da investigación académica e científica en relación cos crimes do franquismo, asemade da restauración e divulgación da memoria da loita antifranquista. Recoñecemento do carácter militar da guerrilla antifranquista, e, xa que logo, das pensións correspondentes para os sobrevivintes. Recoñecemento dos nenos da guerra e os seus descendentes, e dos exiliad@s españois e os seus descendentes. Recoñecemento e rehabilitación dos integrantes das forzas armadas e dos corpos da orde pública que se mantiveron leais ao goberno constitucional da República. Creación das directrices urbanísticas e medioambientais para preservar, conservar e divulgar aos espazos relacionados coa Guerra, a represión e a loita antifranquista. Elaboración dos planos de estudio e libros de texto que desenvolvan as achegas de cantos loitaron polos valores democráticos encarnados no réximen republicano. Resolución definitiva das incautacións de bens materiais feitos a persoas físicas e xurídicas pola ditadura.

O pleno do Concello de Santiago acorda darlle traslado desta moción ao Parlamento e o goberno do Estado, e máis ao Parlamento e a Xunta de Galicia.